

NORMAS DE CONVIVENCIA

Entendemos as normas como un medio que facilita a convivencia entre tódolos membros da comunidade educativa, e que garante os dereitos de todos, polo que consideramos necesario e valioso a súa aceptación e o seu cumprimento.



A escolarización neste Centro Marista supón a aceptación dos principios educativos do noso ideario.

1. Para favorecer unha **convivencia positiva**, débense coidar os xeitos e as palabras no Colexio.
2. Por respecto ás persoas coas que convivimos assistiremos ao Colexio aseados e cunha **vestimenta axeitada**, que garanta a normal participación nas actividades educativas e non atente contra a propia dignidade ou a do resto da comunidade educativa. Non poderá permanecer no interior do centro con gorra ou visera, gafas de sol, nin levar prendas con mensaxes ofensivas ou soeces. Evitaranse as prendas que deixan ao descuberto a roupa interior. Ás clases, por motivos de hixiene, non se asiste coa roupa propia da clase de Educación Física. Unicamente poderán asistir a clase coa roupa deportiva o alumnado ata 4º de E. Primaria os días que teñan E. Física ou Dinámica.
3. Respectaremos e empregaremos correctamente os locais, materiais e documentos do Centro e os obxectos que pertencen a calquera membro da comunidade educativa. **O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause**, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por descoido, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, indemnizar o seu valor (art. 35 Decreto 8/2015)
4. **A puntualidade** será unha norma do noso traballo. Débese estar puntualmente na clase ao comezar o “amencer” e ás horas correspondentes despois de cada recreo ou entrada da tarde.

En Primaria e Infantil, cando se incumpra esta norma, o/a titor/a falará cos pais, e de non corrixirse, comunicará á Xefatura de Estudos o caso.

En ESO e Bacharelato non se permitirá entrar na clase ao alumnado que chegue tarde sen xustificación; neste caso irá á aula designada a tal efecto. Como medida correctora presentárase en Xefatura de Estudos o seguinte día lectivo ás 8.15h. A impuntualidade terá valor acumulativo. Tras tres retrasos inxustificadas (no curso académico) informarase ós pais/titores e sancionárase

coa permanencia no Colexio dunha tarde entre martes e venres. A reiteración de faltas de puntualidade considerarase falta grave e, como tal, aplicaranse as medidas correctoras establecidas na lei de convivencia. Entre estas medidas está a suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias.

5. **Toda ausencia debe ser xustificable e xustificada por escrito polos pais**, a ser posible con antelación, e se non é posible, no momento de incorporarse á clase. A xustificación notificarase coa data, o tempo de ausencia, o motivo e a sinatura do responsable legal do alumno/a. Son faltas xustificables aquelas que por motivos médicos, legais ou familiares graves sexan a causa da non asistencia á clase. O resto das situacións entrarán dentro das faltas non xustificables. Considérase unha ausencia a non presenza nunha sesión completa de clase. ([Enlace á xustificación](#))
6. **Só o Xefe de Estudos ou o Director poden autorizar a saír ou incorporarse ao Centro fora do horario habitual de entrada e saída.** Nestes casos, o alumnado presentará ante o Xefe de Estudos ou Director a correspondente xustificación por escrito dos seus pais ou titores legais, co motivo, data e tempo de ausencia. Unha vez asinada, o alumno entregará a autorización ao profesor de aula. O pai, nai ou titor/a legal asinará en portería, no momento da recollida e da incorporación, o correspondente documento. Tódalas ausencias e retrasos comunicaranse puntualmente ás familias a través do Portal de Comunicación colexial. ([Enlace á xustificación](#))
7. **Non se pode saír da aula no intercambio de clases sen permiso do profesor que vaia entrar na clase.**
8. Por motivos de seguridade **non se permitirá a presenza de familiares ou acompañantes en corredores e aulas**, salvo autorización previa da Dirección. O alumnado de Primaria acudirá cos seus profesores ata as súas clases; os seus pais ou acompañantes deixarános e recollerános no patio. Evitaranse calquera tipo de entrevistas non concertadas no patio para que os profesores poidan estar atendendo ás filas.
9. **Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles** durante os períodos lectivos e no recinto escolar. O incumprimento da norma suporá unha amoestación pola Xefatura de Estudos e a retirada provisional do dispositivo. Comunicarase a medida aos pais ou titores legais que poderán recoller o dispositivo na Xefatura. No caso de extravío de móbiles ou calquera outro dispositivo, o Colexio non se fará responsable.
10. A toma e tratamento de fotografías no Colexio estará subordinada ao establecido na Lei sobre Protección de datos persoais, sendo **responsable a persoa tomadora da imaxe.**
11. Para obter o maior proveito das clases requírese atención, interese, estímulo, traballo e orde. Polo tanto **non se permitirán condutas que interfiran ou prexudiquen o correcto desenvolvemento da clase.** As citadas condutas

sancionaranse de acordo coa Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

A comisión dunha falta fóra do recinto escolar non será obstáculo para a aplicación da mencionada Lei se se efectúa durante o desenvolvemento de actividades extraescolares ou complementarias.

12. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas **fóra do recinto escolar**, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar
13. O Equipo Docente co visto bo do Xefe de Estudos **privará do dereito de asistencia do alumnado ás excursións e actividades propostas polo Colexio**, no caso de ter sido amoestado de forma reiterada ou por ter comportamentos contrarios ás normas, de acordo coa Lei 4/2011 do 30 de xuño.
14. **Non se permitirá facer un exame ao alumnado que teña faltado, no mesmo día, ás clases anteriores ao mesmo.**
15. Non está permitido subir ás clases antes de que soe a música, nin se permanecerá nas mesmas ou nos corredores durante os tempos de lecer, agás que estea un profesor.
16. O alumnado utilizará as portas do patio para acceder ou saír do Colexio.
17. Despois das clases de optativas, debuxo, ed. física, música, informática, ou clases que estean fóra das aulas, os alumnos evitarán subir ás mesmas a deixar os libros e materiais.
18. Por motivos de seguridade, **non se poderá xogar ao balón no patio cuberto**. Os días de chuvia non se baixan os balóns ó recreo. Así mesmo, por motivos de seguridade, non se permite o uso de monopatíns, patíns, bicicletas nos patios do colexio.
19. Nas aulas non está permitido comer. Cómpre que todos colaborem para que as nosas clases, corredores e patios permanezan limpos.
20. Por motivos de saúde, e en cumprimento da lexislación vixente, está prohibido fumar en calquera dependencia colexial. Esta conduta constitúe falta grave.

De acordo coa Lei 4/2011 e o Decreto 8/2015, **son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:**

As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais

ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar.

A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas

Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos ós que se refire este punto, en caso de ser solicitado polo profesorado.

A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia e faltas de asistencia e impuntualidade.

O incumprimento das sancións impostas.

A imposición de sancións farase de acordo co previsto na mencionada lei. O profesorado, a Comisión de Convivencia e o Consello Escolar velarán polo efectivo cumprimento destas normas e confían en que o seu seguimento facilite o normal desenvolvemento do curso escolar.



POLÍTICA INSTITUCIONAL DE PROTECCIÓN AO MENOR MARISTAS COMPOSTELA.

Se desexas axuda ante posibles casos de abuso e/ou maltrato ou se algo che preocupa neste senso, cóntanolo.

Acude á Dirección do Centro.

contigo@maristascompostela.org